



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS
E FACENDA

Expediente nº 244/143

Aos efectos de incorporar ao Orzamento do ano 2023 os créditos que quedaron en fase de compromiso para atender a execución dos contratos que dos mesmos se derivan, e aqueles outros que sen estar nesta fase teñen un financiamento afectado ou conforman recurso de expedientes en tramitación, resulta necesario comenzar os traballos técnicos do proceso de Liquidación do Orzamento do ano 2022 e dar así cumprimento ao previsto nos artigos 191 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo,

RESOLVO

Que polos servizos de Contabilidade e Orzamento, se desenvolvan os traballos técnicos de Liquidación do Orzamento do ano 2022 e unha vez elaborada a preceptiva documentación someter a mesma ao informe preceptivo do Sr. Interventor Xeral para a súa aprobación posterior polo Sr. Alcalde

LG/

En Vigo, a data da sinatura electrónica: O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira (Delegación da Alcaldía Presidencia de 18 e 26 de xuño de 2019, texto refundido d0 04/09/2020)

DOU FE, a Secretaria Xeral da Xunta de Goberno Local, : Susana Gallardo Fariña

(Documento asinado electrónicamente)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:25	Páxina 1 de 1
244-143	CSV: AFA9BD-D83E4H-EF285D-NN6TNZ-6L54D6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		